naquelas tardes de melancolía, pedíalle á compañeira que eliminase do repertorio a "Negra Sombra", "que lle abouxaba a alma nunha mestura de saudade profunda e dor".

Concepción González Varela morreu o 30 de xaneiro de 1958.

Lembramos, así mesmo, que entre as doantes para a confección da bandeira galega da IF estaban as súas fillas, Pilar e Purificación Lugrís González, e Socorro Lugrís Orta –nacida do primeiro matrimonio do irmandiño sadense[5]–, que exerceu o maxisterio en Sobrado e morreu en 1957.

Unhas notas de lembranza sobre Jacinta Landa Vaz

Na listaxe que enviaron as 800 mulleres de Sada posibelmente estivese Jacinta Landa Vaz, a compañeira de Xoán Vicente Viqueira. Segundo información de José Luís do Pico Orjais –coautor dun excelente traballo, *O legado sonoro de Jacinta Landa Vaz. Galiza, Portugal e Extremadura* (2017)–, tanto ela como a súa cuñada, María Luísa Viqueira López-Cortón, colaboraban co grupo de irmandiñas de Sada, información que lle foi transmitida polos descendentes da familia Viqueira-Landa. Non resulta estraño porque a familia vivía entre a Praza de Pontevedra da Coruña o Pazo de Vixoi (Bergondo), non lonxe de Sada. No libro citado, recupérase o legado sonoro de Jacinta Landa que gravou en 1958, cando xa levaba case vinte anos no exilio mexicano. Os rexistros sonoros da estremeña conteñen folclore popular de Galiza, Estremadura e Portugal. No que di respecto a Galiza, Do Pico Orjais (2017: 55) sinala:

> "Os registos realizados no exílio por Jacinta são, por si próprios, um acervo valioso pelo simples fato de se tratar de

5 Lugrís casara en Cuba, en 1895, con Concepción Orta Iglesias, dunha familia de Pinar del Río, coa que tivo dúas fillas, a primeira morreu prematuramente e a segunda, Socorro, xa naceu na Coruña en 1897, un ano despois do regreso do país caribeño.

gravações pioneiras, assim como de uma herança intergeracional caracterizada, em partes iguais, por carinho e dignidade. Não se precissaria de mais (...). Contudo, resulta que o legado de Jacinta fornece, além de mais, materiais importantíssimos para a história da música galega, para a etnomusicologia e para o reconhecimento musical de um vulto da cultura galega como João Vicente Viqueira. Isto é o que caracteriza o conjunto como excecional."

No repertorio galego que a extraordinaria memoria de Jacinta Landa foi quen de reter, hai tres cancións de berce –unha de Viqueira (letra e música) e dúas sobre poemas de Rosalía de Castro– e unha vintena de cantos tradicionais galegos, agrupados baixo o epígrafe "Cancións galegas: A Coruña e a aldea". Do Pico salienta que, en xeral, o seu galego é moi correcto e con escasos castelanismos.

Para alén do indudábel valor *per se*, trátase dun material moi valioso do ponto de vista didáctico para as aulas de diversas materias: música, lingua e literatura, historia... Non hai que esquecer que Jacinta foi docente tras se trasladar a Madrid despois da morte do seu home. Canto á lingua galega, non era para ela en absoluto allea pola súa procedencia materna portuguesa. Por iso, ao escuitarmos cantar Jacinta Landa, non sorprende o sotaque galego que subliña Do Pico ao se referir ás gravacións das cancións.

Jacinta Landa (Badaxoz, 1894-México, 1993), filla de estremeño e portuguesa, realizou os primeiros estudos na cidade natal e o ensino secundario na "Institución Libre de Enseñanza" coa que estivo moi relacionada e onde debeu coñecer o seu home, o filósofo Johán Vicente Viqueira, con quen casou civilmente o 6 de maio de 1917[6]. O casal trasladouse a vivir á Coruña en decembro dese mesmo ano, onde

6 "Mañana por la tarde se verificará el matrimonio civil de la señorita Jacinta Landa Vaz, hija de nuestro querido amigo don Rubén Landa Coronado, con don Vicente Viguzira (sic)" (*La región extremeña*. Diario republicano, 5 de maio de 1917)

Viqueira impartiu aulas, e aí se iniciou a etapa de inmersión na cultura galega da súa compañeira. Nos sete anos que residiu en Galiza (1917-1924), e nos veráns dos anos posteriores tras a morte do grande filósofo e pedagogo, a familia viviu nun ambiente inzado de galeguismo: Viqueira afiliouse á IF da Coruña, cuxa directiva presidiu, pronunciou conferencias, publicou diferentes textos en ANT, preocupouse polos problemas educativos, defendeu o ensino en lingua galega e a escrita reintegracionista... Identificouse totalmente cos obxectivos das IF. Naquela familia, a única filla que naceu na Coruña en 1918, Luísa –Jacinto e Carme viñeron ao mundo en Badaxoz–, aprendeu a falar e escribir en galego cun material que o propio pai elaborou de forma caseira, un caderno-libro con debuxos e textos para a aprendizaxe do galego. Aprendizaxe que tiña continuidade coa avoa paterna en San Fiz de Vixoi-Bergondo e nos paseos que daba co pai pola horta para ensinarlle a nomear prantas e animais.

Jacinta Landa foi muller moi activa naquelas décadas iniciais do século XX, cun perfil emancipado e moderno, que brillou con luz propia polo seu talento e preparación. Malia non termos apoio documental, é indudábel que debeu ter relación coas mulleres da IF da Coruña. Aqueles sete anos foron dunha extraordinaria riqueza nos planos cultural e político, e a actividade feminina para a consecución dos obxectivos marcados polo movemento irmandiño foi unha realidade. Coadxuvando naquel labor estaría Jacinta Landa, con certeza. Muller culta, finalizou a carreira de Maxisterio en 1913 –especializouse no ensino de criaturas cegas e xordomudas–, e emprendedora, como mostrou tras a morte de Viqueira, despois de se trasladar a Madrid, coa fundación e codirección de dous centros coeducativos, "Escuela Internacional Española" e "Escuela Plurilingüe", destinados a un público infantil e inspirados na "Institución Libre de Enseñanza" (ILE); un experimento educativo

único en Europa, cuxa influencia na renovación da vida cultural española caracterizou toda unha época. Colaborou coas colonias escolares organizadas pola Corporación de Antigos Alumnos da ILE en Miraflores de la Sierra e actuou como directora en 1933 e 1934, xunto a Alicia Ortiz, Luisa Viqueira e o galego Xosé Otero Espasandín.

Cando se produciu o golpe militar estaba en Galiza, a onde acudía coa familia os veráns. Recluída cos seus fillos, sobriños e familiares de dirixentes da ILE no pazo familiar de Vixoi (Bergondo), case en réxime de semi-clandestinidade, nove meses despois do estoupido militar logrou que un navío militar inglés se achegara á Coruña e conseguise sacalos, aproveitando un acordo da Cruz Vermella para intercambiar nenos e nenas que ficaran lonxe das súas familias por mor da guerra. Baixo a aparencia dunha colonia, saíron da aldea cara Francia doce rapaces e rapazas e Jacinta Landa para desde alí regresar a Madrid coa idea de defender a República. En Madrid organizou coas dúas fillas un centro de acollemento de nenos e nenas que tiñan os pais na fronte ou ficaran orfos. Finalizada a guerra, estivo uns meses en Francia e desde organismos internacionais levou a cabo un traballo solidario, para axudar persoas que estaban ocultas ou en campos de concentración a marchar ao exilio.

Instalouse coa familia en México, onde casou con Celestino Mahón, e estivo por un breve período á fronte da sección de ensino primario do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón, o primeiro centro fundado polos exiliados, dirixido polo galego Pedro Martul. Tamén colaborou co "Padroado da Cultura Galega", foi unha das persoas que custearon o número 3 de *Vieiros*, segundo figura consignado na propia revista. Quer no respecto pola cultura e a lingua de Galiza, quer nos proxectos pedagóxicos que fundara, quer na actividade asociativa e no seu inequívoco compromiso cos dereitos femininos, Landa Vaz deixou un ronsel de muller progresista, republicana, formada e activa, que quixemos lembrar.

Jacinta Landa Vaz. (Arquivo particular)

Jacinta Landa no boletín *Instituto Plurilingüe*, curso 1935-1936. (Arquivo particular)

Jacinta Landa e Luísa Viqueira (á dta.) con traxe tradicional. (Arquivo particular)